



Resolución do 14 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a autorización dos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia para a participación no programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado CUALE para o curso 2025/2026.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, regulou os cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado -CUALE- a través da Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado -CUALE- nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

A **Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras Edulingüe 2030**, na súa liña de impacto 6, incorpora o **Programa intensivo de certificación e acreditación da competencia lingüística**, cuxo obxectivo é proporcionar oportunidades para que o alumnado acredite o seu dominio en linguas estranxeiras.

Na sección terceira da citada Orde do 12 de maio de 2011 dispónse o procedemento de autorización dos centros para participar nese programa: solicitude, documentación, lugar e prazo de presentación.

Ademais, na disposición derradeira primeira autorízase á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarios para a aplicación desta orde no seu ámbito competencial.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

RESOLVE :

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta resolución ten por obxecto realizar a convocatoria para o curso 2025/2026 de autorización da impartición do Programa de Cursos para a Formación Complementaria en Linguas Estranxeiras do alumnado CUALE nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Organización e desenvolvemento do programa.

O programa desenvolverase fóra do horario lectivo ao longo do curso escolar.





Terceiro. Forma e prazo de presentación de solicitudes de preinscrición no programa.

1. Os centros que desexen implantar o programa CUALE deberán facer a correspondente **solicitud de preinscrición** completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede desde o enlace edu.xunta.gal/programaseducativos no programa correspondente CUALE.
2. Será a persoa directora quen deberá acceder á aplicación coas súas credenciais. Unha vez rematado o proceso de solicitud xerárase un documento en formato *pdf* no buzón de informes (Anexo I). Este documento será custodiado no centro educativo.
3. A inspección educativa informará a solicitud a través da aplicación edu.xunta.gal/programaseducativos.
4. O prazo de presentación de solicitudes de preinscrición comezará ao día seguinte da publicación da presente resolución no portal educativo edu.xunta.gal/portal e rematará o día 10 de xuño de 2025.

Cuarto. Datos requiridos na solicitud de preinscrición.

Na solicitud faranse constar os datos que se relacionan a continuación:

- a) datos de aprobación do programa por parte do consello escolar.
- b) Modalidades que se solicitan: idioma, nivel de acreditación, ensinanza, curso e número de alumnado preinscrito.
- c) Datos do profesorado que impartirá o programa.
- d) Desenvolvemento do programa.

Quinto. Inscrición do alumnado no programa.

A inscrición do alumnado seguirá o estipulado no artigo 12 da Orde do 12 de maio de 2011.

1. **Preinscrición.** Con carácter xeral, os centros que desexen impartir as modalidades descritas nesta Orde deberán realizar a **preinscrición do alumnado** que desexe acceder aos ditos cursos antes do día 10 de xuño de 2025.

Unha vez rematado o prazo de preinscrición, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa fará pública no portal educativo edu.xunta.gal/portal a listaxe provisional de centros docentes autorizados para participar no programa CUALE.

2. **Inscrición.** A **inscrición do alumnado** realizarase na secretaría do propio centro ata o día 15 de setembro de 2025. O alumnado procedente doutros centros deberá acompañar a súa solicitud dunha certificación expedida pola dirección do seu centro que acredite que





está a cursar os estudos requiridos, ou a certificación do nivel de competencia lingüística necesaria para a modalidade correspondente.

3. Unha vez rematado o prazo de **inscrición do alumnado no centro** -o día 15 de setembro- os centros **deberán ratificar** os datos de preinscrición que realizaron en xuño. Esta confirmación farase a través do aplicativo edu.xunta.gal/programaseducativos, no programa correspondente CUALE.

4. **Todos os centros solicitantes deberán confirmar os seus datos.** No caso de non poder impartirse algunha das modalidades xa autorizadas e publicadas na listaxe provisional de centros admitidos, o centro poderá anular aquela que non se vaia impartir durante o curso pero **non se poderá engadir** novas **modalidades ou idiomas** diferentes aos solicitados e admitidos na resolución provisional.

5. O **prazo** para ratificar eses datos será do **16 ao 23 de setembro de 2025**.

6. Rematado o proceso de confirmación dos datos definitivos, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa fará pública a listaxe definitiva de centros autorizados para participar no programa CUALE a través do portal educativo edu.xunta.gal/portal.

Sexto. Avaliación e certificación.

1. O profesorado responsable desta formación realizará as probas ao remate do curso correspondente a cada modalidade.

2. A superación das devanditas probas suporá a expedición por parte do centro de dous tipos de certificación:

-certificado do nivel básico A1 de competencia na modalidade CUALE A1.

-certificado de aproveitamento do curso preparatorio para as probas de certificación das EOI, no resto das modalidades.

3. Para a avaliación positiva do curso será preciso ter unha cualificación igual ou maior de 5 sobre 10 nas probas de aproveitamento.

4. No caso de non ter avaliación positiva no curso o alumnado poderá inscribirse na mesma modalidade por segunda e última vez.

5. No caso de que algún/ha alumno/a CUALE puidese optar ao nivel inmediatamente superior ao que estea inscrito/a, de xeito extraordinario, poderíase matricular no nivel inmediatamente superior nas probas de certificación das EOI.





Sétimo. Memoria final de curso.

1. Antes do 30 de xuño de 2026, a persoa coordinadora do programa deberá elaborar unha memoria avaliativa onde se reflectirán o desenvolvemento do programa e os resultados obtidos.
2. A memoria cubrirase a través da aplicación informática, á que se accede a través do enlace edu.xunta.gal/programaseducativos no programa correspondente de CUALE.
3. Unha vez cuberta e gardada deberá ser confirmada pola persoa directora.
4. A memoria será informada pola inspección educativa a través da aplicación informática.

Oitavo. Datos de carácter persoal.

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.
3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.
5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en xunta.gal/proteccion-datos-persoais.





6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Noveno. Resolución.

1. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa fará pública, a través do portal educativo edu.xunta.gal/portal, a listaxe provisional de centros docentes autorizados para participar no programa CUALE.
2. Abrirase un prazo de reclamacións de 5 días hábiles no que os centros poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas.
3. Transcorrido o prazo de reclamacións, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa fará pública, a través do portal educativo edu.xunta.gal/portal, a listaxe definitiva de centros autorizados para participar no programa CUALE para o curso 2025/2026.
4. Contra esa resolución, poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo. Entrada en vigor.

Esta Resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, edu.xunta.gal/portal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
Judith Fernández Novoa.

